

CÓDIGO MARCOS

Patricia Pérez Fernández / Liena Cid Navia, 2025

1515

ESTREA EN NUMAX: 03.05.2025 | V.O. | 79 min | Todos os públicos

Liena é unha muller migrante, divorciada e con dous fillos: Pablo e Marcos, diagnosticados con autismo. Durante case dez anos, ela filma incansablemente, primeiro como ferramenta para estimular a interacción de Marcos, e logo como rexistro da súa propia maternidade. A falta de referentes precisa crear o seu e verse na pantalla. Filma á vez que cociña, asiste, ama, traballa, xoga, discurte. A cámara non corta, non se apaga. Liena transforma unha maternidade estigmatizada nunha experiencia de vida significativa.

O pase contará con presentación e coloquio en liña coas autoras e terá lugar o 3 de maio, Día da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

«Transformador coming of age que desestigmatiza o autismo»

Sergio F. Pinilla, CINEMANÍA



A vida e máis nada

Por Áurea Ortiz Villeta

Código Marcos é unha película sobre o autismo e, tamén, sobre a maternidade. A orixe do filme é documentar como se convive co autismo ao ter un fillo, Marcos, con tal condición, pero o certo é que transcende esta premisa para acabar configurando un retrato familiar no cal este trastorno é un elemento entre outros, fundamental desde logo, pero non o único. Durante dez anos, Liena Cid filma a súa vida cotiá como nai emigrante con dous fillos, un deles, o pequeno, autista. Cando ela non leva a cámara ou a coloca nalgún lugar, faino a súa amiga Patricia Pérez. A cámara recólleo todo: o bo, o malo, o incómodo, o tenro, a felicidade e a amargura e, con iso ofrece un retrato da gran complexidade sobre o autismo e sobre a vida dun grupo familiar de clase media baixa co pai ausente.

O documental ofrécese como unha montaxe de anacos de vida real que acaba capturando moita verdade. A gran baza da película é a naturalidade e a sensación de inmediatez, a intimidade do aquí e agora, que funciona, mesmo, cando se dirixen a cámara explicando algo. Non hai grandes discursos, non hai expertos, o seu obxectivo non é sentar cátedra nin fixar para sempre que é o autismo. Trátase de captar a vida real dun grupo de persoas que teñen que convivir cun trastorno cambiante e difícil, ademais das dificultades habituais ás que deben enfrontarse. Un bo exemplo son os momentos da pandemia e o confinamento que todos sufrimos, nos que nos sentimos plenamente identificados cos personaxes no común e, ao mesmo tempo, comprendemos a dificultade engadida da condición autista do fillo pequeno.

Ante premisas como esta e temas tan delicados e socialmente significativos como “imos contar como é a vida con autismo”, podemos, ás veces, ter certa prevención e esperar un relato convencional ou unha reportaxe ao uso. Ou quizais unha gravidade impostada, dado o asunto, que lastra ás veces a posta en escena dalgúns documentais. Pero aquí non sucede iso e este documental acaba sendo outra cousa, aínda que, ou precisamente por iso, só pretende contar a vida cotiá. A sorprendente madurez e franqueza do fillo maior ao comezo marca xa unha diferenza respecto ao que esperamos ver, así como a verdade que desprende a nai protagonista, tamén directora e responsable do filme, capaz de mostrarse na afouteza, a debilidade, a dor e a alegría sen que sintamos ao vela que hai exhibicionismo pola súa banda. O humor é outro factor esencial e un trazo que axuda aos protagonistas para vivir o día a día. E é que, aínda que estea a complicación engadida do autismo e haxa que lidar con obstáculos, esta familia tamén é feliz.

Dez anos de vida son moitos, miles de horas gravadas, e, por suposto, esta é unha obra na que a montaxe é todo. Combínanse momentos de calma con outros de caos, a dor e a risa, longos planos fixos e secuencias de imaxes. Ás veces a cámara é invisible ou esquecémola e, en ocasións somos nós e a familia protagonista, plenamente conscientes dela. Con todo iso, o resultado final da filmación dunha década de vida é emocionante e veraz, non só no que se refire ao autismo, senón no retrato cotián dunha nai e os seus fillos.

Publicado en caimanediciones.es